


## Literatura infantil e xuvenil

### PARA LEMBRAR

Lémbrese que ata o próximo 8 de abril se poden enviar orixinais en lingua galega, aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, para concorrer ao 28º Premio Merlín de Literatura Infantil. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e encaderadas. O premio ten unha dotación económica de 10.000 euros e a publicación da obra gañadora. O xurado fará pública a resolución na Festa Xerais do 8 de xuño. **ELOS**



Coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou

### PROTAGONISTAS ELIXIDOS

**Anne Frank (12 xuño 1929-12 marzo 1945).** É a nosa protagonista esta autora dunha das obras máis lidas sobre a II Guerra Mundial, por conmemorarse a data do seu nacemento. Esta moza alemá de relixión xudía goreceuse coa súa familia das pautas nazis nun acochado coñecido como *A casa de atrás en Ámsterdám*. Despois de seren descubertos, Anne e súa irmá Margot pasaron polos campos de Westerbork e Auschwitz, rematando os seus días no de Bergen Bel-



sen. Seu pai, Otto Frank, foi o único membro da familia que sobreviviu ao exterminio e a quen lle entregaron os textos escritos por Anne na clandestinidade. Tras a súa organización e criba, as frustracións e tensións vividas durante o cativerio, as

problemáticas familiares, a súa vontade por ser escritora... foron publicadas e traducidas a múltiples linguas a partir da denominación "A casa de atrás" (1947). En galego intitúlase *O diario de Ana Frank* (Kalandraka, 2004). **ELOS**

## 50 | TENDENCIAS

EL CORREO GALLEGO

JUEVES  
14 DE MARZO DE 2013

### ELOS DE LECTURA

# 'Rosa Caramelo', a igualdade de oportunidades e dereitos

Adela Turín fai no seu primeiro conto, protagonizado por elefantes, unha apoloxía do equilibrio entre nenos e nenas

SARA REIS DA SILVA  
UMINHO/ELOS/LIIMI

Despois de fundar en 1975 a editorial Della Parte Delle Bambine, e da súa asociación ás edicións francesas "Des Femmes", a publicación nesa mesma data do conto *Rosa Caramelo*, o primeiro da autora, confirma a preocupación de Adela Turín en promover representacións anti-sexistas, escapando das visións sociais estereotipadas na literatura para os máis novos.


Se en *Artur e Clementina* (1976), o eloxio da condición feminina se materializa na actuación dunha tartaruga; en *Rosa Caramelo*, a apoloxía da igualdade de dereitos e de oportunidades entre nenas e nenos concrétese nunha historia na que, desde o inicio, se destaca a vida distinta/diferenciada imposta ás elefantiñas.

Estas teñen que comer anémonas e peónias, como forma de supervivencia social para a súa diferenciación pola cor da pel, condición imprescindible para a beleza, para un futuro a medida ou, en resumo, para o casamento.

Cun estilo sinxelo e accesible, o relato a partir da reiteración da referencia á cor rosa, xa avanzada no título e dominante na composición ilustrativa, non deixa de acentuar a actitude pechada, restritiva e respetuosa

ADELA TURÍN

NELLA BOSNIA



Cuberta do relato de Adela Turín e Nella Bosnia



A escritora Adela Turín

coas leis sociais do microcosmos habitado polos elefantes.

Mais as ideas de pechamento e aillamento sobrepasan a historia, acabando por contradicirse cos xestos da protagonista Pascoalina. Neste senso, resulta curiosa a recreación antinómica de comportamentos femininos e masculinos, estes últimos sempre connotados cunha actitude libre, dinámica e viva.

E será a tensión entre o individual/persoal e o colectivo/social, en concreto, o predominio do primeiro, que acaba por determinar o

final positivo. Pascoalina ao conseguir "inividualizarse", motiva indirectamente as súas compañeiras a seguir as súas pegadas: "Desde o recinto, as outras elefantiñas ollaban para ela: o primeiro día asustadas, o segundo día preocupadas, o terceiro día perplexas, e o cuarto día envexosas. O quinto día, as máis atrevidas comezaron a saír do recinto, unha tras outra".

A compoñente visual de Nella Bosnia corrobora, simbólica e metafóricamente, as liñas ideotemáticas fundamentais da narrativa. Na primeira parte do conto, a tonalidade rosa, asociada tradicionalmente ao feminino, e o seu intencional contraste co cincento, que representa o masculino, xorde, no final da diéxese, deconstruída, suxerindo a disolución das supostas diferenzas. As ilustracións dan conta do escenario naturalista e da personificación dos personaxes animais.

Cunha temática resistente ao paso do tempo, *Rosa Caramelo* reaparece nos escaparates das librarías grazas á editorial Kalandraka, propondo unha vez máis unha reflexión e unha pedagogía social que continúa a ser necesaria e pertinente na actualidade, porque nunca está demais lembrar que "é moi difícil distinguir os elefantes das elefantas".

sara\_silva@ie.uminho.pt

### PARA COÑECELA +

# 2000

**Literatura xuvenil. Novelas da vida cotiá.** Neste período as novelas xuvenís denuncian diferentes temáticas entre as que se salientan grupos socialmente pouco visibles e se recrean algunhas das súas consecuencias. É o caso de *O cero escuro* (Tambre, 2003), de An Alfaya, unha novela de iniciación, con trazos de policial e negra, na que se abordan cuestións sobre a existencia de tramas organizadas que captan mozas para a súa explotación sexual e o tráfico de órganos, amparándose no seu afán por triunfar na música ou na moda. Tamén se retrata a sociedade globalizada, intercomunicada e diversa das cidades en *As de bolboretas* (Xerais, 2010), de Rosa Aneiros, gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil 2009, na que a través dunha galería de personaxes se reflicte a intolerancia, a soidade ou a violencia que sofren as mulleres de diferentes culturas. Pola contra, a conflictividade do ámbito rural e as graves consecuencias do abandono das aldeas do interior preséntase en obras como *O aliado inesperado* (Alfaguara/Obradoiro, 2005) e *Cacaborro* (Everest, 2009), de Xabier López Rodríguez, dúas novelas nas que se revelan os sufrimentos, as confrontacións e a soidade daqueles anciáns que se resisten a abandonar os seus fogares. **ISABEL MOCIÑO GONZÁLEZ**

